

## DE DANZA E CONTRADANZA DE DARBO

---

Xerardo Das Airas.

Un dos actos de máis relevo, que ao noso entender veñen de conferirlle unha certa entidade á Romaría de Darbo, é a execución da felizmente recuperada Danza e Contradanza. Sendo imposible, polo curto do espazo, realizar unha esexese sobre as orixes e evolución das danzas, só nos cabe apuntar algúns trazos definitorios da mesma. A importancia da súa celebración ven dada pola influencia de xentes que desde tempos atrás acudían a presencia-la e incluso polo fasto e boato que rodeaba tal acontecemento. Esta danza, que semella estar encadrada no ámbito da ría de Vigo, tivo noutrora parangón en localidades como Castrelos, Lavadores, Candeán, Hío e Aldán, conservándose ate hai poucos anos con algunhas variantes lóxicas e moi deterioradas en canto á vestimenta e execución dos tempos e figuras. De orixe incerta como a maioría das danzas deste tipo, chega ate os nosos días a traveso das celebracións as que os gremios estaban obrigados con motivo das festas relixiosas. Foi danza de imitación, sen dúbida, dos actos e bailes que a nobreza celebraba nos seus pazos, tendo un certo aire xocoso, e divertido que lles fai merecer o nome xenérico de farsas. As prohibicións que a igrexa veu exercendo en canto a estas celebracións e danzas en adros e templos, motivou un certo apresto e recato na súa execución chegando incluso a seren substituídas as mulleres por varóns que lucían os mesmos vestidos de aquelas. En todas estas danzas, e polas testemuñas que nos legaron os expertos de antano, predominan unhas vestimentas semellantes en homes e mulleres (mais uniformes nestas) nas que destacan os sombreiros enfeitados con flores ou fitas de cores, as panoletas e o adobiado alarde de xoias, alfinetes, aneles, colares ou peitorís. A branca foi a cor predominante nun comezo aínda que co tempo predominou a libre elección de vestimenta -no caso dos homes- que se cubrían con chaquetiñas e calzóns de cores escuras. Tamén na maioría das danzas deste tipo apreciase unha tutela e ofrecemento por parte dunha casa ou familia nobre. En Vigo e na finca do Pazo de San Roque tiña lugar a romaría e danza baixo os auspicios dos señores Condes de Villar de Fuentes, no Hío e en Aldán eran os das dúas ramas dos Aldao que respectivamente se encargaban do mantemento do acto, e en Darbo os señores do Pazo do Tobal (familia de Sequeiros) eran os que propiciaban os ensaios e corrían co convite e albaroque obrigado (viño e pantrigo) aos danzantes e músicos.

Subir en romaría a Darbo, polos vellos camiños da lembranza, transportarse en contradanza a tempos idos, degoilar sardiñas e viño da terra en acto de comuñón e irmandade e rousar no torreiro en verbenas sen sono, poden ser non vos caiba dúbida, os actos de máis profunda devoción que a terra e a historia vos demanden e que ben merece a pena exercitar nestes días do mes setembro.

**(Publicado en: Revista da Tradicional Romaría de Darbo. 1991)**